

## 1. TÍTULO DO PROXECTO

Avión Furtivo B-2 Spirit

## 2. DATOS PERSOAIS

Mauro Soto Giráldez e David Sampil Ricón do colexio CEIP Reboreda.

## 3. RESUMO DO PROXECTO

O avión furtivo B-2 Spirit é un avión militar non detectable polos radares, porque a súa forma impide que as ondas dos radares reboten nel. Foi deseñado a finais dos anos 80 e principios dos 90 por Northrop Grumman e no 2011 utilizouse para tentar acabar co ex xefe de Al Qaeda Osama Bin Laden.

O seu primeiro voo foi o 17 de xullo de 1989 e foi introducido na Forza Aérea dos Estados Unidos en abril de 1997. Construíronse 21 unidades e é o avión máis caro xamais construído, cun valor de 1.400.000.000€.

Posúe catro motores General Electric F118 situados no medio do avión e ten dez rodas, catro de cada lado e dúas na fronte. A súa velocidade máxima é de 1010 quilómetros/h. Mide de ancho 52,4 metros, de alto 5,2 metros, de largo 21,03 metros e cada á ten 5,18 metros. Dous pilotos encárganse da súa pilotaxe.

Pode chegar a voar a 15 quilómetros de altura cun alcance de 11.000 quilómetros. O seu peso baleiro é de 71 toneladas e cheo de 150 toneladas. Pode levar 36 toneladas de bombas: 80 bombas intelixentes de 230 quilogramos, dezaseis bombas termonucleares B83 de 1100 quilogramos ou dezaseis mísiles furtivos de cruceiro AGM –158 JASSM. Un par de B-2 Spirit equivalen en armamento a 75 avións convencionais.

A súa primeira operación tivo lugar na guerra de Kosovo no ano 1999. Tamén participou na guerra de Iraq no 2003 e na guerra de Afganistán no 2001.

Para ofrecer toda esta información imos facer unha maqueta de cartón do avión con todos os detalles. Irá enganchada a unha base mediante un apoio. Pola parte dianteira terá o seu nome e o do exército ao que pertence. A parte de arriba, coa cabina e catro motores, poderase abrir. Dentro estarán os dous pilotos manexando o avión.

Tamén faremos un póster, que colocaremos nun lugar destacado no posto, co avión debuxado e as súas medidas. Para que o público se poida facer unha idea das dimensións, compararemos cada parte da aeronave cun obxecto, animal ou persoa coñecida.

Ademais, prepararemos un pequeno concurso para as persoas que se interesen no noso proxecto. Pedirémoslles que escollan un sobre con preguntas (da nosa explicación ou da aeronáutica en xeral). Se acertan algunha, levarán unha réplica en papel do avión B-2 Spirit. Se non acertan, marcharán cun avión de papel de toda a vida.

#### BIBLIOGRAFÍA:

-machtres.com

-wikipedia.org

-20minutos.es